


ESO- FPBásica



La muy catastrófica visita al zoo

Joël Dicker. Alfaguara. 2025

A visita ao zoo da clase de Joséphine foi unha catástrofe. A investigación para averiguar o que ocorreu avanza, pero as apariencias enganán...



Sentinelas da lúa carmesí


Alexandre Senande/Ozo Perozo/ Andrés Castro. Galaxia. 2022

Desde os albores dos tempos, seres míticos e humanos coexistían en paz e harmonía. Pero un día, os homes comezaron a perseguir o que non comprendían.

Sentinelas no limiar das tebras

Alexandre Senande/ Ozo Perozo/ Andrés Castro. Galaxia. 2025

Lara, Sabela e Xurxo descubren que foi Cinza, o boticario, quen secuestrou o seu amigo Lois. O que non saben é que, se non actúan axiña, Lois formará parte do menú que precisa a moura Xerpa para recuperar o seu poder minguado durante un letargo secular.



Por todo o alto

DVD 2024. Francia 123 m.

Director: Emmanuel Coural.

Thibaut, afamado director de orquestra, descobre que foi adoptado e que ten un irmán co que vai compartir o amor pola música

Bacharelato-Ciclo Medio



Te siguen

Belén Gopegui. Random House. 2025

León traballa para unha pequena empresa interesada en acceder aos rincóns da vida íntima e social que aínda escapan á cultura da vixilancia.

A noite das cebolas

Rosa Aneiros. Xerais. 2024

Unha mañá de outono no MoMA de Nova York Abril Andrade contempla «A noite estrelada» de Van Gogh cando recibe a noticia da irreversibilidade do seu cancro e do falecemento do tío Bastián.



Las durmientes

Nando López. Santillana. 2023

Chloe, unha rapaza de dezaseis anos, aparece espida no medio dun descampado. Ao acordar, descobre no seu móbil un vídeo dela gravado mentres xacía durmida e, probablemente, drogada.

A falsa autómata

Yolanda Castaño. Xerais. 2025

Escuro e descarado, este libro solta un obús sobre contidos infrecuentes para a poesía e sinala o impacto emocional que poden ter as dificultades económicas



O albatros negro

María Oruña. E. Do Cumio. 2025

Unha trama de misterio e suspense ambientada en Vigo, unha cidade, que unindo o presente e o pasado, se converte nun personaxe máis da narración.



REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES CENTROS PÚBLICOS DE AMES



GUÍA DE VERÁN 2025

www.biblioceipamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com.es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/
<https://i.gal/bibliobarouta>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igrex.ames@edu.xunta.es
Máis guías en:
www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores



Un ano enteiro

Leo Lionni. Kalandraka Editora. 2025

O primeiro día de xaneiro, Lolo e Lara, dous ratiños de campo, fan unha nova amiga: Flora, unha árbore falante. Tras superar a sorpresa inicial, deciden visitala durante todo o ano.

Sete dentes de león

Ledicia Costas-David Sierra. Xerais. 2024

Esta historia sucedeu cando o mundo era gris. A vella tivo sete soños durante sete noites e naceron sete dentes de león que acenderon o mundo



Miña nai é unha bruxa


Elena García. Picarona. 2025

É a historia que se conta a través dos ollos dunha pequena bruxa sobre a súa máxica nai que sabe espertar ao sol e facer que as estrelas brillen.

Un buen amigo

Anna Font. Bindi Books. 2024

Unha historia con dous protagonistas: un neno que desborda creatividade e o seu amigo ou amiga imaxinario. Conto con 70 pezas que che permitirán crear novas personaxes.



De 7 a 9 anos

O gran libro das nosas vilas

Blanca Millán. Cumio. 2025

Neste libro descubrirás como o comercio local, as tradicións e as novas ideas poden facer que as nosas vilas sexan lugares xeniais para vivir.



Aprendo a cociñar

Elena Aranaz, Luis de Manuel

DK. 2025

Un libro precioso para que os nenos aprendan a cociñar en familia mentras se divirten. Receitas sinxelas e accesibles, técnicas básicas e consellos útiles, para preparar sabrosos pratos.



Dente de león

Susana Peix. Cumio. 2024


A Sugar dáballe preguiza cavar unha tobeira onde se protexer do frío e, cando se encontrou con Piper, que buscaba un dente de león, pensou que, se a acompañaba, a toupas cavaría unha tobeira para ela.



Pernascochas

Ramón D.Veiga. Antela. 2025

Esta novela, gañadora do I Certame Literario Jaime Olmedo Limeses, trata sobre o poder da amizade, os sentimentos e, alá no fondo, tamén sobre o primeiro amor.




De 9 a 12 anos

Wombo combo.

Paula Carballeira. Xerais, 2024.

Sara odia a súa vida real, pero ten outra vida, unha vida virtual onde xoga en liña con ducias de persoas e é imbatible nas loitas facendo ``Wombo Combo``. Cada vez pasa máis tempo diante da pantalla ata que entra nun videoxogo novo onde debe ir superando retos...



Un paseo entre vampiros.

Insha Fitzpatrick. Editorial Siruela. 2024

Existen os vampiros? Quen é o conde Drácula? Os morcegos vampiro aliméntanse de sangue humana? Unha guía completa e desternillante para adentrarse no mundo sobrenatural.

A pel do mundo.

Berta Dávila. Galaxia. 2017

Poemario para coñecer persoas, sabores, nome, linguas, costumes, palabras e formas de vida diferentes á súa.



A brigada iridiscente.

Elena Andrés. Ed. Galaxia. 2023.

A brigada Iridiscente é un grupo de amigos que cada día procura unha nova aventura. Nas festas de verán da súa vila, e tras visitar moitos postos e atraccións, acaban nos inchables.